

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
EXAME*
UNIDADE 1

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (2,34 puntos)

1. A Europa do Antigo Réxime presentaba un réxime demográfico antigo caracterizado por: ☐ unha natalidade pouco elevada ☐ unha mortalidade reducida ☐ un crecemento da poboación moi escaso	2. A poboación europea experimentou durante a segunda metade do século XVIII: ☐ un notable crecemento ☐ un estancamento xeneralizado ☐ un descenso moderado
3. Un señorío territorial era aquel na que o señor posuía a propiedade da terra e na que os campesiños debían: ☐ cobrar unhas rendas ao señor por vivir nas súas terras ☐ pagar unhas rendas ao señor pola explotación das súas parcelas ☐ exercer a xustiza en nome do rei	4. Un señorío xurisdiccional era aquel no que o señor exercía funcións como: ☐ non ter inmunidade respecto do poder do rei ☐ ser xulgado polas autoridades reais ☐ percibir impostos polo uso dos monopolios señoriais
5. Entre os impostos que pagaban os campesiños no Antigo Réxime estaban: ☐ os impostos indirectos sobre as rendas ☐ os impostos indirectos como suplemento do prezo de moitos produtos ☐ as taxas entregadas polos señores feudais	6. Algúns campesiños durante o Antigo Réxime tiñan a obriga de: ☐ traballar gratis as terras do señor ☐ ter como mínimo catro ou cinco fillos ☐ deixar de pagar impostos durante as épocas de crise
7. Os gremios eran agrupacións de artesáns de orixe medieval que controlaban o monopolio da produción artesanal e se encargaban de cuestións como: ☐ a cantidade de materias primas vendidas polo artesán ☐ o prezo final do produto ☐ os impostos directos pagados polos campesiños	8. O domestic system era un sistema de traballo mediante o cal un investidor capitalista compraba as materias primas e repartíaa: ☐ entre os gremios máis importantes das cidades ☐ nos fogares campesiños nos meses de descanso agrícola ☐ entre os campesiños encargados de comercializar os produtos nos distintos mercados
9. A división social no Antigo Réxime baseábase: ☐ na posesión de riquezas ☐ no privilexio xurídico ☐ en cuestións relixiosas e morais	10. A nobreza e o clero durante o Antigo Réxime gozaban de privilexios como: ☐ pagar impostos ☐ non acceder aos cargos da Administración ☐ ter leis e tribunais propios
11. A desigualdade de orixe que existía na sociedade do Antigo Réxime: ☐ facía moi difícil cambiar de posición social ☐ permitía elixir o estamento no que nacer ☐ impedía a existencia dunha división social rixida e desigual	12. A aristocracia era un grupo social do Antigo Réxime que estaba integrado: ☐ por nobres con escasa influencia social ☐ polas familias máis ricas e poderosas ☐ por cargos da escala máis baixa da Administración e do Exército
13. Moitos burgueses enriquecidos intentaron ascender na sociedade do Antigo Réxime: ☐ renunciando a todo tipo de privilexio ☐ integrándose no terceiro estado ☐ mediante matrimonios con membros da nobreza	14. A maior parte da poboación que habitaba as cidades durante o Antigo Réxime: ☐ non pertencía á burguesía ☐ estaba integrada na aristocracia ☐ traballaba como aprendiz e oficial dos obradoiros
15. A preponderancia de Gran Bretaña no século XVIII baseábase: ☐ no seu escaso desenvolvemento comercial ☐ na inexistencia de outras potencias en Europa ☐ na súa supremacía marítima	16. Entre os países que lle disputaban o poder a Gran Bretaña no século XVIII estaban: ☐ Alemaña e Portugal ☐ Prusia e Italia ☐ Francia e España
17. O pensamento ilustrado defendía que o ser humano podía lograr a emancipación persoal e intelectual a través: ☐ da práctica da relixión e da superstición ☐ do uso da razón e da liberdade ☐ da loita contra os principios liberais	18. O país que se converteu no centro de difusión das ideas da Ilustración foi: ☐ Gran Bretaña ☐ Alemaña ☐ Francia

19. John Locke foi un pensador e filósofo inglés que opinaba que os homes son libres e iguais por natureza pero que para manter eses principios era preciso: ☐ unha concentración de poderes nas mans do rei ☐ unha rebelión continua dos súbditos contra os gobernantes ☐ un dereito político baseado nun pacto social	20. A Enciclopedia foi unha obra escrita polo matemático D'Alembert e polo filósofo Diderot na que se defendía o: ☐ desprezo pola pedagogía experimental ☐ interese pola ciencia e pola técnica ☐ mantemento das bases económicas do Antigo Réxime
--	---

2. Explica a seguinte cuestión: (2,34 puntos)

a) O funcionamento das monarquías absolutas

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) OPENFIELD, DOMESTIC SYSTEM, FEIRAS, ARISTOCRACIA e BURGUESÍA. (2,34 puntos)

4. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

A actitude da nobreza ante o traballo

"O comercio, que enriqueceu os cidadáns en Inglaterra, contribuíu a facelos libres, e esta liberdade estendeu á súa vez o comercio, así formouse a grandeza do Estado. [...]"

Todo isto dá un xusto orgullo a un mercador inglés [...]. Tampouco o irmán menor dun lord do reino desdeña o negocio [...].

En Francia [...] o negociante oe falar tan a miúdo condesprezo da súa profesión que é o suficientemente parvo como para non poñerse rubio con iso. Non sei, con todo, quen é máis útil a un Estado, un señor ben empoado que sabe precisamente a que hora o rei se levanta, a que hora se deita, e que se dá aires de grandeza facendo o papel de escravo na antecámara dun ministro, ou un negociante que enriquece o seu país, que dá desde o seu despacho ordes ás cidades de Surat ou do Cairo, e que contribúe á felicidade do mundo."

VOLTAIRE,
Cartas filosóficas, 1734

Pasos a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO

- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)